

PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR



ÍNDICE

1. Ámbito de aplicación

- 1.1. Modalidade de prestación do servizo e clasificación
- 1.2. Número de comensais e usuarios
- 1.3. Horario do comedor
- 1.4. Plano, dependencias e mobiliarios

2. Funcións e tarefas relacionadas co comedor escolar. Orde do 21 de febreiro de 2007 (artigos 8º, 9º, 10º e 11º)

3. Obxectivos do comedor escolares

4. Normas de convivencia

- 4.1. Normas xerais para os/as usuarios/as do servizo de comedor escolar.
- 4.2. Normas específicas
 - a) Alumnado
 - b) Persoal colaborador
 - c) Familias

5. Normativa reguladora

1. Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación deste protocolo de funcionamento do comedor corresponde aos usuarios do servizo do CEIP da Ramallosa. Segundo o Decreto 132/2013 do 1 de agosto, o servizo de comedor enténdese como os servizos de xantar e os de atención aos usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior da comida do mediodía, nos cales se fomentarán programas de promoción de saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

1.1. Modalidade de prestación do servizo e clasificación

Segundo o Decreto 132/2013 do 1 de agosto, a modalidade de prestación do servizo de comedor do CEIP da Ramallosa, é de *"Xestión Directa da Consellería de Educación"*; isto significa que os menús son elaborados nas dependencias do propio centro escolar por persoal laboral da Xunta de Galicia e consumidos polos comensais con dereito a utilización do servizo. A Consellería de Educación sufraga os gastos derivados do seu funcionamento.

O Decreto 132/2013, do 1 de agosto, establece que poden ser usuarios do servizo de comedor:

- Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil dos centros con instalacións de comedor e os dos centros próximos que carezan delas, autorizados expresamente.
- As persoas con responsabilidades na organización do comedor, así como as que colaboren na atención dos alumnos comensais durante os días de desempeño efectivo destas tarefas.
- O persoal de cociña destinado nos centros que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil, durante os días de desempeño efectivo do seu traballo.
- Os coidadores de educación especial dos centros que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil, así como os coidadores, educadores e auxiliares de enfermaría destinados en centros de educación especial, en ambos os casos durante o tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.
- O persoal funcionario docente e non docente e o persoal laboral de ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil do centro que solicite o servizo, sempre que existan prazas libres dotadas economicamente e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado usuario.
- Os auxiliares de conversa e os alumnos en prácticas de ensinanzas de maxisterio ou grao equivalente que soliciten o servizo, sempre que, unha vez asignadas as prazas do comedor aos colectivos anteriormente citados, existan aínda prazas libres dotadas economicamente e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado usuario.

Para estes efectos, considérase que existen prazas libres no comedor escolar cando existan prazas vacantes dotadas economicamente, medios persoais dedicados ao servizo e que o permita a capacidade física das instalacións.

Segundo a Orde do 21 de Febreiro de 2007, en función do número de comensais, o comedor está clasificado como tipo D (de 251 a 350 comensais). A esta clasificación correspóndelle "1 oficial de 2ª de cociña e 3 axudantes de cociña".

1.2. Número de comensais e usuarios.

O número de prazas máximas autorizadas pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación é de 339 prazas, incluídos todos os usuarios establecidos polo **Decreto 132/2013, do 1 de agosto**.

O número total de comensais pode variar lixeiramente dun curso para outro, en función do alumnado que solicita o servizo, pero nunca máis dos seguintes datos:

Alumnos/as usuarios/as:	317 (máximo)
Persoal colaborador:	15
Persoal de cociña:	4
Coidador	1
Director e encargada de comedor	2
TOTAL	339

1.3. Horario do comedor.

O horario de funcionamento do comedor está determinado polo propio horario lectivo de xornada continua do centro (horario de mañá), dende o mes de setembro ao mes de xuño. O horario de comedor é o seguinte:

- De luns a venres de 14:30h a 16:00h.

O horario de xantar é:

- Educación Infantil de 14:15h ás 15:00h
- Educación Primaria de 14:45h ás 15:30h
- Nunha única quenda.

O alumnado da etapa de educación infantil entra uns minutos antes (14:15h) para evitar a coincidencia coa entrada do alumnado maior de primaria. Previamente as mestras de educación infantil xa os levaron ao servizo antes de deixalos coas colaboradoras do


comedor encargadas deste alumnado. Do mesmo xeito, serán os/as primeiros/as en saíren para que as colaboradores os/as acompañen ao patio.

O alumnado de etapa de educación primaria accederá ao comedor en función da situación que teñen no comedor. Deixarán as mochilas na aula, para recollelas unha vez rematen a comida.

O horario de recollida dos nenos/as que non son usuarios de autobús é:

- **Todos os días a partir das 15:30** (este horario é aproximado, dependendo do rápido que coma o alumnado)

1.4. Planos, dependencia e mobiliarios



O comedor queda estruturado da seguinte maneira:

- As mesas do 1 ao 9 son de 20 comensais
- A mesa 10 e 2 postos da 11 é do alumnado alérxico, para 14 comensais.
- As mesas do 11 ao 15 son de 14 comensais.
- As mesas 16, 17 e 18 son de 18 comensais.

A mesa 10 e 2 postos da 11, reservadas para alumnado con algunha intolerancia ou alerxia alimentaria, sempre estará atendida polos/as os/as mesmos/as colaboradores/as (2 máximo) para evitar algún erro á hora de servirles a comida.

As mesas de educación infantil son a 15, 16, 17 e 18. Sempre estarán atendidas por 4 colaboradores/as fixos/as para facilitar unha mellor interacción con este alumnado.

2. Funcións e tarefas relacionadas co comedor escolar

A continuación reflíctese a normativa establecida na **Orde do 21 de Febreiro de 2007** referida ao persoal docente e non docente relacionado co servizo de comedor escolar. ***(Elimínanse as referencias a modalidades diferentes ás características do noso centro e coméntanse algúns aspectos relacionados)***

Artigo 8º. Atención ao alumnado usuario do servizo.

1. Nas tarefas de atención ao alumnado que utiliza o servizo de comedor escolar poderán participar o persoal docente, os/as monitores/as escolares e os/as coidadores/as de educación especial do centro e demais membros da

comunidade educativa, se for o caso, e persoal laboral, podendo prestarse este servizo mediante outras formas de xestión.

2. Nos centros con servizo de comedor escolar de xestión directa, a vixilancia no tempo libre anterior, durante e posterior ao xantar será realizada, con carácter voluntario, polo profesorado do centro. De non existir profesorado que voluntariamente se encargue das tarefas de atención ao alumnado, a persoa responsable da dirección do centro, logo de informe do consello escolar, adoptará as medidas que considere oportunas, excluindo, en todo caso, calquera contratación que puidese xerar algún tipo de vínculo laboral coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Cando o número de voluntarios exceda as necesidades de vixilancia do comedor correspondente, o consello escolar poderá establecer quendas rotatorias con indicación dos períodos en que o citado persoal desenvolva as súas funcións. O persoal, docente ou non, que participe voluntariamente na tarefa de atención ao alumnado no servizo de comedor escolar non poderá abandonala, a non ser por causa xustificada, e sempre con coñecemento e autorización da dirección do centro. Desde fai varios cursos, en ausencia de profesorado voluntario, solicítase a colaboración de país/nais, titores/as de alumnos. Segundo a ratio establecida correspóndonos 15 colaboradores/as. (Habitualmente véñense anotando o número suficiente de persoas e incluso dispoñemos de persoal a maiores para poder cubrir substitucións. Todas estas persoas están dadas de alta na aplicación informática de comedores escolares)
3. O persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo de comedor, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:
 - Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.
 - Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe de comedor.
 - Axudar os alumnos e as alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
 - Informar o equipo directivo do centro, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias. (Informarán verbalmente ao/á director/. Tamén informarán de alumnos/as que comen moi pouco ou no caso dalgunha conduta ou comportamento anómalo para manter informadas ás familias, ben porque estas demanden esa información ou porque consideremos que é necesario que a coñezan, sobre todo nos nenos e nenas máis pequenos ou de recente incorporación ao comedor).

- Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar. ***(O persoal coidador atende ao alumnado ao seu cargo, no caso de que este demande os servizos de comedor)***

Artigo 9º. Persoal laboral do servizo de comedor escolar.

1. Será competencia do persoal laboral do servizo de comedor as seguintes funcións, acordes coa súa categoría profesional, nos termos que estableza o convenio colectivo de aplicación, e que a título indicativo se sinalan:
 - Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado polo consello escolar. ***O/a xefe/a de cociña elabora os menús que propón ao/á director/a e/ou encargado/a do comedor e comunica á dirección os pedidos necesarios para a súa elaboración.***
 - Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene. ***O/a xefe/a de cociña recepciona a mercadoría e fai unha valoración do estado de entrega, tomando nota das incidencias e devolvéndoa se non reúne as condicións axeitadas. Tamén se encarga de de facer un seguimento do cumprimento das APPCC (Análise de Peligros e Puntos de Control Crítico)***
 - Servizo de atención ás mesas dos usuarios.
 - Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación. ***O/a xefe/a de cociña organiza o traballo dos/as axudantes de cociña e o traballo de limpeza das instalacións (cociña e comedor)***
 - Informar o encargado do servizo de comedor escolar daquelas outras cuestións que afecten o funcionamento do servizo.
 - Colaborar no seguimento dos protocolos de seguranza e hixiene e de riscos laborais.
 - Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.

Artigo 10º. Persoal docente encargado do servizo de comedor escolar.

1. Un membro do equipo directivo actuará en calidade de encargado da xestión do servizo de comedor escolar, sen prexuízo das funcións que lles correspondan ao director/a e ao secretario/a, segundo o regulamento orgánico do centro. A persoa responsable da dirección poderá designar encargado/a un profesor/a do centro, se o/a interesado/a o acepta voluntariamente; en caso contrario, será o consello escolar quen faga unha proposta de entre os membros da comunidade educativa.
2. A persoa encargada do servizo de comedor escolar terá as seguintes funcións:

- Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.
- Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía.
- Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.
- Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto, a través da comisión do servizo de comedor escolar.

Existirá unha *"Comisión do servizo de comedor escolar"*, que será a mesma Comisión Económica do Centro pero integrada, ademais, pola persoa encargada do servizo de comedor. (Ver máis adiante artigo 11º.3)

3. Para lograr unha mellor planificación e seguimento das súas funcións, a persoa encargada do servizo de comedor as asume para todo o curso escolar, salvo circunstancias excepcionais, logo de xustificación e autorización da dirección do centro.

Artigo 11º. Organización e funcións: atribucións do consello escolar, do equipo directivo e do persoal colaborador en relación co servizo de comedor escolar.

Corresponde aos órganos colexiados e unipersoais do centro, en relación co funcionamento do servizo de comedor escolar na modalidade de xestión directa, as seguintes funcións:

1. O Consello Escolar:

- Propoñer á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da delegación provincial correspondente, a solicitude de apertura e funcionamento do servizo de comedor escolar.
- Aprobar dentro da normativa vixente un protocolo propio que recollerá as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar. Este protocolo será parte integrante do regulamento orgánico do centro.
- Aprobar o proxecto de orzamento de ingresos e gastos do servizo, como parte anual do orzamento do centro. Así mesmo, aprobará a súa xustificación de gastos.
- Decidir sobre a admisión do alumnado usuario, de acordo cos criterios de prioridade establecidos nesta orde.
- Aprobar o plan de actividades educativas e recreativas que desenvolverá alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.
- Aprobar a creación da comisión do servizo de comedor escolar.
- Aprobar os menús de acordo coas necesidades de alimentación do alumnado, por proposta da comisión do servizo de comedor escolar.
- Propoñer a relación de alumnado beneficiario total ou parcialmente do servizo de comedor escolar, de acordo cos criterios establecidos para tal fin.

2. Director/a do centro:

- Elaborar co equipo directivo, e de acordo coa comisión do servizo de comedor, o protocolo de funcionamento do servizo de comedor escolar, como parte integrante da programación xeral anual do centro.
- Dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar e designar o persoal docente que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.
- Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.
- Estudar e elaborar o proxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.
- Autorizar os gastos, e ordenar os pagamentos necesarios para o seu bo funcionamento.
- Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del.
- Facer as contratacións de subministración, se for o caso, de acordo coa lexislación vixente.
- Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
- Presidir, se for o caso, a comisión do servizo de comedor escolar.
- Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto remitirá a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.
- NO CASO DE NON HABER ENCARGADO DE SERVIZO DE COMEDOR, O DIRECTOR ASUMIRÁ AMBAS FUNCIÓNS PREVIA SOLICITUDE Á XEFATURA TERRITORIAL CORRESPONDENTE.

3. Existirá unha **Comisión do servizo de comedor escolar**, que será a mesma comisión económica do centro pero integrada, ademais, pola persoa encargada do servizo de comedor. Esta comisión desenvolverá as seguintes funcións:

- Colaborar co equipo directivo e o encargado do servizo de comedor, se fora o caso, na xestión económico-administrativa dos fondos do servizo de comedor.
- Propoñer ao consello escolar os menús, de acordo cun programa de alimentación sa e equilibrada.
- Elaborar e propoñer ao consello escolar un plan de actividades que desenvolverá o alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.
- Seguimento do servizo de comedor, formulando propostas de mellora, se é o caso, ante o consello escolar. Velar polo cumprimento das normas vixentes sobre sanidade e hixiene.
- Calquera outra función necesaria para o correcto desenvolvemento do servizo de comedor.

3. Obxectivos do comedor escolar

No colexio entendemos o comedor escolar como un **servizo educativo** complementario que non debe reducirse unicamente a cubrir a necesidade fisiolóxica de comer; senón que complementa os contidos curriculares que se traballan nas distintas áreas do currículo a través do tema transversal **da educación para a saúde**.

Pretende, pois, contribuír a unha formación integral das persoas na súa dimensión individual, social e cidadá, contribuíndo á creación de **hábitos alimentarios saudables** e ao fomento dunha **actitude construtiva, responsable e cooperativa**.

Sendo que a utilización do servizo permítelles a moitas familias conciliar a súa vida laboral e familiar, nunca deberá entenderse como un **servizo de gardería**. Os seus obxectivos terán preferentemente carácter educativo e, como tales, pretenden:

- Conseguir que o alumnado adquira hábitos de hixiene persoal adecuados antes, durante e despois das comidas.
- Fomentar unha actitude positiva do alumnado ante os alimentos que se lle ofrecen, a que os consuman tanto por pracer coma polo seu valor nutricional, ***insistíndolles na necesidade de consumir todo tipo de alimentos, e animándoos especialmente con aqueles que lles resultan, en xeral menos apetecibles, como verduras, pescado, etc..***, que respecten a orde para tomar os distintos pratos e as posibilidades que ofrece a combinación de alimentos.
- Resaltar a importancia da nosa dieta mediante o consumo tamén de produtos de tempada e locais, mesmo de cultivo ecolóxico, polo seu valor cultural, gastronómico e nutricional.
- Concienciar ao alumnado da necesidade de facer un consumo responsable dos alimentos, ***evitando todo o posible tirar a comida ao lixo, sensibilizándose sobre outras realidades coma a escaseza que está a sufrir unha boa parte da poboación mundial e sobre o impacto ambiental que supón a súa produción, procesado, distribución, etc. e conseguinte consumo de enerxía, auga... Animámoslos/as a que pidan que lles sirvan o que vaian a comer sen deixar sobras nos pratos. Permitilo nalgúns casos, sen causa xustificada, suporía unha discriminación e unha influencia negativa para resto dos/as usuarios/as.***
- Fomentar no alumnado valores coma a solidariedade, a sostibilidade e a responsabilidade social.
- Aprenderlles a adquisición da destreza necesaria para a correcta utilización dos cubertos, utensilios e servizos de mesa.
- Inculcar a adopción de actitudes de respecto aos demais, evitando o bulicio e gardando a debida compostura na mesa, para que manteñan actitudes correctas á hora de comer: non berrar, sentarse ben na mesa, non xogar coa comida...
- Educar na convivencia con outras persoas que presentan problemas de intolerancias e/ou alerxias alimentarias.

- Valorar o traballo en equipo, a colaboración e o compañeirismo implicándoos/as, segundo as súas posibilidades, en tarefas de servizo de comedor: axudar aos máis pequenos...
- Interesar ás familias nos beneficios que poidan obterse dunha colaboración conxunta cos responsables do comedor, tanto no referido á saúde do/a alumno/a como a súa educación.
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara a todos os membros da Comunidade Escolar.

4. Normas de Convivencia

No artigo 12º.1 da Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa, recóllese que: "Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar".

Neste sentido atenderase ao disposto nas **NOF** (Normas de Organización e Funcionamento) aprobadas polo Consello Escolar.

5. Comedor escolar.

5.1 Normas xerais para os/as usuarios/as do servizo de comedor escolar.

- Os alumnos e alumnas intolerantes ou alérxicos/as a alimentos ou que padezan calquera enfermidade que precise dunha alimentación especial ***deberán presentar obrigatoriamente un informe médico á dirección que o comunicará ao/a encargado/a do comedor escolar.***
- Ao comezo de cada mes subiranse á páxina web do centro información sobre os menús diarios para todo o mes, coa fin de que poidan complementar axeitadamente a dieta na casa.
- Ao final de cada mes enviaranse ás familias polos/as fillos/as os 3 impresos de autoliquidación de taxas correspondentes ao mes anterior, se é o caso. A dirección informará á administración sobre os impagos do servizo (***art. 15.4 do Decreto 132/2013: O pagamento mensual dos prezos públicos e das tarifas pola utilización do comedor escolar producirase entre o 1 e o 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo***). Os/as alumnos/as usuarios/as de pago de 6º de EP ou alumnado que vaia a cambiar de centro no curso seguinte deberán recoller no colexio os impresos de autoliquidación de taxas correspondentes ao mes de xuño ou atrasados para efectuar o pago, requisito sen o cal non se lles entregará o seu expediente académico.

- En caso de imprevistos, indisposición ou accidente leve dalgún/-nha alumno/a durante o tempo do servizo de comedor avisarase telefonicamente ás familias para que se fagan cargo del ou dela.
- En caso de accidente grave avisarase ao 112 e inmediatamente despois á familia. (Non se subministrará ningún tipo de medicamento nin se evacuará con medios propios a ningunha persoa usuaria do comedor. Excepcionalmente, administrarase medicación prescrita polo médico cando coincida a toma no horario do comedor ou ante reaccións alérxicas severas que necesiten medicación inmediata; en ambos os dous casos, é requisito imprescindible o informe médico que inclúa o protocolo de actuación).
- Para calquera dúbida relacionada co comedor, as familias deberán dirixirse á dirección do centro escolar.

5.2. Normas específicas

a) Alumnado

Todos os alumnos e alumnas deben respectar as seguintes normas de funcionamento e de convivencia do comedor.

Antes de entrar ao comedor.

1. O alumnado deberá agardar nas aulas a que sexan recollidos polos/as colaboradores/as do comedor.
2. Accederán primeiro, o alumnado da planta baixa.
3. Todo o alumnado deberá deixar as súas pertenzas recollidas e metidas na mochila.
4. O alumnado accederá ao comedor cando o/a encargado/a ou colaboradores/as o indiquen.
5. Non se poderá acceder ao comedor con ningún xoguete, cromos ou obxecto que entorpeza o desenvolvemento da comida.

Durante o tempo do xantar.

1. Acceder ao comedor con orde e tranquilidade, sen correr, nin berrar, nin empurrar aos/ás compañeiros/as.
2. Os nenos e nenas sentaranse no lugar que teñen asignando e permanecerán nel sen levantarse, salvo co permiso dalgún responsable. Cada alumno/a ten un sitio fixo para todo o curso e só poderá ser modificado se as circunstancias o requiren; isto favorece un control máis áxil e eficaz das ausencias diarias dos usuarios/as. O persoal colaborador das mesas de infantil e das de intolerancias e alerxias terán ao seu cargo unhas mesas determinadas ás que teñen que atender e o alumnado estará informado de quen é esa persoa responsable. Procurarase que as rotacións do persoal de atención nestas mesas sexa a menor posible co obxecto de que coñezan mellor ao alumnado e sexan tamén a súa referencia principal.

3. Agardar con paciencia e compostura a que se lle sirva a comida e se pase control de asistencia.
4. Respetar as instalacións, o mobiliario e facer un uso adecuado dos mesmos.
5. Manter a mesa limpa e en orde e non tirar, agochar ou deixar caer a comida.
6. Falar nun ton de voz adecuado, sen berrar. Evitar falar a gritos con compañeiros/as que estean en mesas próximas.
7. Comer de todo o que se lle ofrezca e acabar o contido do seu prato. Os alumnos e as alumnas deberán adaptarse ao menú establecido. Non se fará distinción algunha no cumprimento desta norma para evitar discriminacións e malos exemplos nos compañeiros e compañeiras.
8. Cumprir unas mínimas normas de comportamento na mesa. Durante a comida os nenos e nenas deberán:
 - Intentar usar correctamente os utensilios de comedor: garfo, culler e coitelo.
 - Mastigar coa boca pechada.
 - Empregar os panos de papel.
 - Non falar coa boca chea.
 - Non xogar con cromos ou outros obxectos durante o tempo da comida.
 - Dirixirse a todo o persoal de comedor e, viceversa, co debido respecto e cun ton de voz adecuado sen levantar a voz coa fin de lograr un ambiente tranquilo e relaxado. Os/as alumnos/as están obrigados a respectar aos colaboradores/as nos mesmos termos que ao profesorado do centro, seguindo as súas indicacións.
 - Dirixirse correctamente e con respecto aos compañeiros e ás compañeiras.
 - O alumnado non sairá do comedor ata que os colaboradores/as ou a persoa responsable o autorice e farano na orde en que se lles indique.
 - Non se poderá saír do comedor con ningún tipo de comida

Saída do comedor

1. Os nenos e as nenas de EI sairán cando rematen de comer e irán a recoller as súas cousas ás aulas.
 - Se non chove irán para o patio de area.
 - Se chove ao patio cuberto.
2. O alumnado de EP sairá tamén despois de rematar o xantar e subirán as aulas a recoller as súas cousas:
 - Se non chove baixarán ao patio.
 - Se chove, agardarán á hora de saída, baixando en orde:
 - Primeiro os recollidos polas familias.
 - Segundo os transportados.

Durante o tempo de lecer

1. O alumnado adicará o tempo de lecer ao que considere oportuno: pasear, facer xogos...
2. O alumnado que asiste a algunha actividade da ANPA ou do Concello deberá ser recollido polo/a monitor/a correspondente e estará atendido/a e baixo a súa responsabilidade ata o remate da actividade. Estes/as monitores/as encargaranse de pechar os accesos ao recinto escolar (aparcadoiro das familias e acceso ao lado do pavillón).
3. Os alumnos e alumnas non poderán saír do recinto escolar durante o período de lecer.
4. Baixo ningunha circunstancia o alumnado poderán subir ás aulas non sendo acompañadas por un coidador/a.
5. Non poderán acceder ao edificio anexo (do salón de actos)
6. As condutas contrarias ás normas de convivencia do alumnado usuario, poderán ser amoestadas verbalmente polos colaboradores/as do comedor escolar e, en caso necesario, informarán verbalmente ao/á encargado/a do comedor ou ao/á director/a. Se se trata de faltas tipificadas como graves nas NOF, comunicarse á dirección que redactará o parte correspondente asinado polo/a comunicante e pola persoa responsable da dirección, para o seu arquivo se o considera procedente e posterior aplicación das medidas correctoras que se consideren procedentes

b) Persoal colaborador.

b) O persoal colaborador ocuparase de:

- 1) O persoal colaborador encargado do servizo en EI (4 colaboradores/as), recollerá aos nenos e ás nenas nas aulas correspondentes, aproximadamente ás 14:10 horas e iranos sentando no comedor. Posteriormente poden comezar a servirilles a comida. Tamén se encargarán da súa vixilancia no tempo de xogo posterior ao xantar.
- 2) O resto dos/as colaboradores/as vixiará ao alumnado despois de comer e antes da chegada dos autobuses. Todos os días ata as 16.00h.
 - Vixiar que os/as alumnos/as se coloquen na fila que lles corresponde en función da liña de bus que empregan.
- 3) Servir as mesas.
 - 4 colaboradores/as son fixas e atenden as mesas de educación infantil.
 - 1 colaborador/a é fixo/a e atende as 2 mesas de alerxias e intolerancias.
 - 10 colaboradores/as restantes repártense o resto das mesas.
- 4) Como non lles está permitido o acceso á cociña, collerán as fontes, sopeiras, etc. dos carros onde llas deixará o persoal de cociña.
- 5) Deberase servir a cada neno/a a cantidade axeitada á súa idade e complexión

- 6) Vixiar que todos tomen o xantar, que non tiren os alimentos ao chan ou entre eles e ademais que manteñan unha conversa cos que están máis preto, non de mesa a mesa, de esquina a esquina...
- 7) Axudar aos máis pequenos a que empreguen os garfos e corrixilos se non o fan axeitadamente.
- 8) Corrixir aos nenos con bos modais, utilizando unha linguaxe axeitada. Diante de calquera conflito ou falta de respecto avisar ao director ou á encargada. (Nunca deberán “poñerse á altura” do neno/a).
- 9) Usar guantes e gorro no momento de servir e axudar aos nenos no comedor.
- 10) Non se poderá abandonar a atención ao alumnado durante o servizo do comedor, salvo causa xustificada e coa autorización do director.
- 11) Os/as colaboradores/as que lles toque abrir ás portas, o farán ás 15:30h, quedando na porta ata ás 16:00h.
- 12) Identificarán ás persoas que veñen a recoller ao alumnado non transportado.
- 13) Distribución das zonas de atención no recreo posterior ao xantar:
 - Patio de Infantil: Atende ao alumnado desta etapa (4 colaboradores/as).
 - Patio grande: Atende ao alumnado de primaria.

c) Familias.

- 1) As familias que desexen que os/as seus/súas fillos/as utilicen este servizo deberán facer as solicitudes nos prazos sinalados e cos documentos que estean establecidos.
- 2) No momento de presentar a documentación comunicarán a dirección do centro as posibles alerxias ou intolerancias do/a alumno/a usuario/a, co correspondente informe médico documentado.
- 3) Avisar ao centro da ausencia do comensal ao comedor, cun día de antelación como mínimo.
- 4) Recoller aos/ás alumnos/as polos accesos indicados: Cancela do aparcadoiro das familias ou porta pequena, ao lado do pavillón Ezaquiel Mosquera e nos horarios establecidos: **Excepcionalmente, se por causa xustificada (cita médica ou urxencia familiar) teñen que ser recollidos fora deses horarios, poderán acceder ao recinto escolar, mesmo co vehículo particular, polo portalón gris de entrada dos autobuses e avisarán ao persoal do comedor para que lles entreguen o/a alumno/a usuario/a.**
- 5) No caso de que a familia autorice a unha persoa que non recolle habitualmente ao/á neno/a, deberao comunicar con antelación á dirección do centro, por escrito, entregando copia do DNI da persoa autorizada.
- 6) Non deberán acceder ás instalacións do comedor.
- 7) Inculcar nos seus fillos e fillas hábitos alimentarios e maneiras correctas de estar nunha mesa e nun comedor.

5. Normativa reguladora

- Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación (DOG 5/3/2007).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/7/2011).
- Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación (DOG 13/8/2013).
- Instrución 2/2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 1 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2021-22

Este protocolo foi aprobado polo Consello Escolar o día 12 de abril de 2016 e revisado no curso 2022-2023.